



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Galego I

Materia	Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Galego I			
Código	V01G160V01201			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1º	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernandez Salgado, Xose Antonio			
Profesorado	Dominguez Dono, Jesus Fernandez Salgado, Xose Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Comunicación oral e escrita: galego I, ten como obxectivo consolidar aspectos teóricos e prácticos básicos do galego oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos: textual, léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico.			

## Competencias de titulación

Código			
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.		
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.		
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación		
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua galega.	A6 A7	B2
- Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega.	A7	
- Promover a autonomía do alumnado para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	A13	

## Contidos

Tema	
1. Lingua oral e lingua escrita: características. Ferramentas bibliográficas e na rede para o seu estudo.	
2. Redacción e construción de textos en galego: características e tipos. Lectura, entoación e exposición de textos. O parágrafo. A puntuación. A revisión e presentación de textos.	

3. Cuestións sobre o estándar oral galego. Pronuncia de vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. Os grupos cultos. Elisións e contraccións na cadea fónica.

4. Cuestións de ortografía do galego. O uso das grafías. A acentuación. Outros.

5. Cuestións xerais de gramática galega normativa. Morfosintaxe das clases de palabras.

6. Cuestións de léxico galego normativo. O uso dos dicionarios. Castelanismos e outras formas espurias.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	18	36	54
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Obradoiros	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	44	66
Presentacións/exposicións	4	12	16
Actividades introdutorias	1	1	2
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas de autoavaliación	2	0	2
Probas prácticas, de execución. Probas de execución 2 de tarefas reais e/ou simuladas.		0	2
Probas de tipo test	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que desenvolverá o alumnado.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Obradoiros	Actividades enfocadas a adquirir coñecementos e habilidades manipuladoras e instrumentais sobre unha temática concreta, coa asistencia específica do profesor ás actividades individuais e/ou de grupo que desenvolve o estudantado.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a utilización de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto etc. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo co alumnado antes de que este realice a súa exposición. Nesa titoría o profesor aprobará os contidos que vai expor ante todo o estudantado. Por outra parte, na resolución de problemas, con algunhas actividades, o docente comentará, individualmente ou por pequenos grupos, os erros cometidos ou as directrices a seguir no caso de traballos guiados.
Presentacións/exposicións	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo co alumnado antes de que este realice a súa exposición. Nesa titoría o profesor aprobará os contidos que vai expor ante todo o estudantado. Por outra parte, na resolución de problemas, con algunhas actividades, o docente comentará, individualmente ou por pequenos grupos, os erros cometidos ou as directrices a seguir no caso de traballos guiados.

### Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás clases maxistras, sempre e cando sexa máis do 80% delas.	0,5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o curso, o profesorado especificará que actividades prácticas son avaliadas. Tamén se terá en conta a participación activa na resolución das outras actividades.	2
Presentacións/exposicións	Cada estudante deberá preparar e expoñer oralmente un tema que previamente concertará co docente.	1
Probas de resposta curta	Realizarase unha proba escrita na última semana do cuadrimestre sobre os contidos teórico-prácticos da materia.	2
Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizarase unha proba na última semana do cuadrimestre, que pode ser ó mesmo tempo ca outra proba de resposta curta, na que o alumnado deberá identificar, corrixir e xustificar erros lingüísticos en textos escritos e orais.	2
Probas de tipo test	Efectuarase unha proba de tipo test para controlar contidos específicos de ortografía, gramática e léxico normativos.	1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria examínase nas convocatorias seguintes, extraordinarias, por medio dun exame escrito (85 %) e unha proba oral de fonética (15 %); esta última será preciso superala para aprobar a materia.

### Bibliografía. Fontes de información

Recoméndaselle ao alumnado a compra das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*(2003), así como unha **gramática** e un **dicionario** de lingua galega.

#### GRAMÁTICAS E MANUAIS DE REFERENCIA

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Feixó, X.; X. R. Pena e M. Rosales (2004): *Galego século XXI. Nova guía da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Freixeiro Mato, X. R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega*, 3 vols. Vigo: A Nosa Terra.

**Freixeiro Mato, X. R.**(2006): *Manual de gramática galega*, 2.ª ed. Vigo: A Nosa Terra.

González Rei, B. (2004): *Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

Hermida Gulías, C. (2001): *Ortografía práctica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. **Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.**

**Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003): Normas morfolóxicas do idioma galego. Santiago de Compostela: ILG e RAG.**

**Regueira, Xosé L. (coord.) (1996): Os sons da lingua. Vigo: Xerais.**

#### DICIONARIOS DE LINGUA GALEGA

Carballeira Anllo, X. M.ª (coord.) (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais.

Domínguez Dono, X.; A. Rajó Pazó e B. Varándas González (coords.) (2004): *Dicionario de galego*. Vigo: Ir Indo.

Dosil, B. e X. Riveiro (2004): *Dicionario de ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.

Fernández Salgado, B. (dir.) (2004): *Dicionario de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

García González C. e M. González González (dirs.) (2004): *Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega e Fundación Pedro Barrié de

[a1] Este parágrafo non debería aparecer baixo o epígrafe Recomendacións?

### Recomendacións

**Outros comentarios**

---

Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento previo de lingua galega equivalente ao bacharelato.

---